

edición coleccionista

candís

Nº 24

curso 2007 - 2008

Revista do CPI Tomás Terrón Mendaña - Sobradelo

De excursión por...

Mallorca

- Castropol

Ponferrada

- Ourense

Villafranca del Bierzo

Convivencia
Interescolar 08

Chojo e Nela en Rubiá



¿Quén é quén de ser quén de qué? parte 1



Sumario

26

Cholo e Nela

os pequenos



20

Mallorca 2008

os de 3º e 4º da E.S.O.




Granxa-escola

os pequenos

28

- | | |
|-----------|-------------------------------|
| 2 | Celebracións |
| 6 | Canteira de escritores |
| 12 | Ciencias e tecnoloxía |
| 18 | Imos de excursión |
| 26 | Convivencias |
| 30 | Pasatempos |



02 Celebraciónns

Un magosto moi divertido



Aos nenos de párculos dáballe a risa e non dabán encestado na ra. En vez de encestar na ra, encestaban no chan.



Os de terceiro e cuarto non conseguian chegar á meta cos zancos.



Os de primeiro e segundo moito patexar e nada de encestar. O equilibrio non era o seu.



Ese é Albert dicindo que ia gañar e xusto cando estaba a tres pasos da meta, cae.



Pasámolo bomba! Tamén houbo concurso de disfraces, máscaras e cociña. Que goce coa fariña!!!

Un Entroido moi bailado

No noso cole, celebrouse un festival de entroido o 1 de febreiro de este ano. O mesmo dia, celebramos tamén o Día da Paz e bailamos danzas de algúns dos países do mundo.

CO
30



Os nenos de infantil, foron vestidos de pitiños e bailaron unha danza francesa, "Cando tres galinhas".



Portugal foi representado por 5º, bailaron "O Malhao".



Os nenos de 1º e 2º foron de noruegueses e bailaron "Siete pasos".



Que bonito o dragón chinés!! 6º bailou "Ena Bushi".



Nos, 3º e 4º, fixemos unha danza israeli, "Zemen Atick".



Os da E.S.O. representaron a Austria, coa danza 'Der Hammerschme'

Halloween

alumnos e alumnas de 6º de Primaria



31st of October, 2007

Unha semana antes de Halloween planeamos disfrazarnos. En Halloween, despois de disfrazarnos fomos de clase en clase pedindo caramelos, dicindo 'TRICK OR TREAT?' e deronnos poucos.



Algúns nenos de infantil asustáronse e outros rianse, como Jonathan. Foron os que mais caramelos nos deron, tiñannos ben gardados.



Estas cabazas son as de Juanjo e David. Eche ben certo que son bonitas fixéronnas con moita ilusión



Os nenos de 5º tamen se disfrazaron e foron pedindo "TRICK OR TREAT?" por as demais clases. Catro nenos disfrazaronse de momias, perderon todo o papel nos corredores e tiveron que recollelos.



Magosto




ción desa pertenza, porque para eles esa forma simboliza a lapa".
A imaxe do Cervino comezou a utilizarse en 1920 pero non foi ata a década dos setenta que se tornou omnipresente. O nome provén da unión do apelido Tobler e "terrone", turron en italiano. Precisamente, foi Baumann o que, tras unha viaxe por Alsacia na que coñeceu o turron italiano, suxeriulle a Theodor mesturar o chocolate co mel e as améndoas.
Actualmente, a empresa pertence á compañía Philip Morris, a través do seu brazo alimenticio Kraft Foods.

A Voadura da ponte de Sobradelo

Alumnos e alumnas de 2º E.S.O.

Hai uns días, remexendo e tratando de ordenar un caixón, atopámonos co programa das festas de Sobradelo dos días 26, 27 e 28 de maio de 1990. Aínda que hai moita publicidade, tamén son considerables e curiosos os artigos que nel aparecen, por iso permitímonos transcribir este. Non sabemos quen o asinou, pero supoñemos quen foi, e cremos que, dende ali, onde queira que estea, sorrirá



e estará satisfeito porque nós, os alumnos, coñezamos partes importantes da historia do noso concello. Transcribimos textualmente o artigo que aparece no devandito programa.

A voadura da ponte de Sobradelo sobre o río Sil, ordenada polo abade de Casoio, Rvd. Don José Quiroga e Urias, para



evitar o paso dos franceses, tivo lugar en xaneiro de 1809. A inutilización da ponte prexudicaba enormemente os intereses da vila do Barco e concellos limítrofes. A súa reconstrución era, polo tanto, necesaria e urgente, pero non foi posible ata o 25 de maio de 1822, pouco despois de ser estreada a nova provincia de Galicia con sede en Villafranca del Bierzo e que só estivo vixente un ano e oito meses. Tan curto espazo de tempo non foi atranco para que se acometese obra de tal importancia, tal como se demostra con documento que nos foi facilitado por Sebastián Suárez Suárez, veciño de Viloiria e que transcribimos a continuación.

"Goberno político de Villafranca. -Convencida a Deputación provincial de Galicia das razóns de utilidade e conveniencia pública que manifestaron os concellos do Barco de Valdeorras e outros daquel partido, acerca da reedificación da Ponte Nova sobre o Sil arruinado completamente, acordou en sesión de sete de xullo último, aprobar o contrato feito sobre o citado concello do Barco e os más que resultan do expediente que existe nesa Secretaría sobre tan interesante particular e ao efecto mandou se repartisen entre aqueles a cantidade de 8.000 reais con destino a pagar os materiais e carreiros necesarios para a citada obra. Mais como se achén os devanditos concellos e o Comisionado de Camiños na imposibilidade de efectuala por falta de madeiras útiles, segundo expuxo D. Santiago García como encargado do concello de Sobradelo para auxiliar o Enxeñeiro Comisionado a esta Deputación Provincial en 21 do presente, acordouse esta en 24 deste que conforme ao artigo 172 da Constitución, lla encargue a vostede que sempre que non poida proporcionarse madeira útil para a construcción da devandita obra por un convenio amigable, sendo esta de absoluta necesidade para o público ningún particular poida negarse a

vender as árbores necesarios para a citada obra, sempre que feita a correspondente taxación por peritos, sexa de pronto satisfeito o seu valor. Comunicoo a Vde. Co fin de que poñéndose de acordo co Enxeñeiro Comisionado e arranxándose nun todo ao mencionado artigo e ao acordado pola Deputación Provincial, disponha que se proporcionen as madeiras necesarias con tal que se achén aloxadas no marco dese Concello, con tal que non se entorpeza a construcción dunha obra de tanta utilidade ao ben público. - Deus garde a Vde. Moitos anos. -25 de maio de 1822. -Astinado Juan de Lasase e Murga. - Rubricado. - Sr. Alcalde Presidente do Concello de Sobradelo".

NOTA ACLARATORIA

Descoñecemos se a ponte se reconstruíu primeiro con madeira, dada a cantidade e calidade que deste material se esixía e máis tarde con pedra tal como se acha na actualidade.

Algo que tamén sorprende do escrito anterior, é que vaia dirixido ao Alcalde Presidente do Concello de Sobradelo, tendo en conta que Sobradelo non foi nunca, de dereito, capitalidade do municipio.

Xa que para o 2009 cumpliranse os douscentos anos do derrubamento da ponte, non viría mal recordalo e celebrar que un carballedano conseguiu "amolar" ao xeneral francés.

100 anos !!, Feliz aniversario!!
Alumnos e alumnas de 2º da E.S.O.

O texto do himno galego xurde como consecuencia da correspondencia habida entre Eduardo Pondal e Pascual Veiga en 1890, na que o compositor lle solicitaba a Pondal un texto para unha partitura que ía presentar con motivo dun certame no que se ía elixir a 'Mellor Marcha Rexional'.

Temos que dicir que o certame musical foi organizado por Pascual Veiga e o gañador do concurso foi o catalán Ivor Gotós, pero a súa peza nunca foi executada e Veiga conseguiu o que quería: colocar a súa composición nunha posición de preferencia para a súa escolha como futuro himno de Galicia. Pero para que isto acontecese, ainda terían que pasar moitos anos.

Ao igual que outros símbolos de Galicia, como a

bandeira, o establecemento do himno galego foi froito da emigración. En 1907, Xosé Fontenla Leal encargoule a Manuel Curros

Enriquez que escribise a letra, e a Xosé Castro "Chané" a música, pero Curros non foi capaz de compoñer a letra tan rápidamente e Fontenla decidiu escoller o poema de Pondal coa música de Veiga.

Estreouse o 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro de La Habana e ata 1923 foi entoado por rexionalistas e agraristas nos seus actos, consolidándose pouco a pouco como símbolo de Galicia.

Prohibese durante a ditadura de Primo de Rivera, pero coa Segunda República acadou o recoñecemento oficial.

Evitouse o seu uso durante a ditadura franquista mais, neste período se utilizaba como unha canción do folclore galego.

En 1975, mentres tiñan lugar uns actos folclóricos na festa do Apóstol Santiago, a xente comezou a erguerse para cantalo. Ao ano seguinte, morto xa o ditador, instaurouse este costume na Praza da Quintana. En 1977 asumirían todos os partidos nas primeiras eleccións democráticas.

Lenda do Santuario das Ermidas

Case tódolos santuarios de Galicia son creados a partir dunha lenda, este é un dos casos, xa que o Santuario de Nosa Señora



das Ermidas foi creado a partir desta lenda: Na lenda dise que uns pastores levaban os seus rabaños comer ás proximidades do río Bibei e estes pastores observaron como o

gando ao pasar por un determinado sitio daba uns extraordinarios bramidos e chimplos que non eran costume neles. Estas extraordinarias manifestacións inducironos a pensar que algo raro pasaba ali e puxéronse a buscar as causas de tales efectos, encontrando á entrada dunha cova, no seu interior a imaxe da virxe co neno Deus entre os brazos.

Os pastores, ante tan sorprendente aparición, despois de adorala, correron apurados a comunicaralles o acontecemento ás xentes das aldeas veciñas que, cheos de curiosidade e entusiasmo, acudiron ao lugar e axeonllándose aos pes da imaxe, ofrecéronlle por primeira vez os seus afectos e dispuxéronse a edificarlle, no mesmo lugar, unha modesta ermida, que por moitos anos foi o talismán espiritual dos pobos do contorno.

Parece ser que, unha vez aparecida a imaxe, os veciños dos pobos circundantes determinaron edificar unha ermida onde colocala, e todos a unha puxéronse a traballar; uns apañando os materiais, outros colocándoos e poñendo o traballo das súas mans e así, con brevidade, construíron unha ermida pobre e humilde na súa arquitectura pero rica e apreciable polo afecto, piedade e relixiosidade daqueles veciños. Esa ermida, seria construída a finais do XIII ou principios do XIV sendo reformada no 1.697 e posteriormente, a mediados do s. XIX,

Así pois, a lenda e a tradición di que As Ermidas fora un dos oito focos de vida eremítica da "Tebaída Galaica". Sete eremitas asentábanse en sete covas; "San Mauro, Sta. Sabina, O Salvador, San Xoán de Sebane, San Vicente, San Roque e Sta. Exipciaca".

Neandertal

Pepe Izquierdo

"Cuando despertó, el dinosaurio todavía estaba allí"

Agustín Monterroso

Escuridade. Abro os ollos. Suor. Érgome.

Entro nun espazo en branco e un espello reflicte unha mirada que non reconhezo. Lávome. Saio da vivenda. Atópome nunha corredoira chea de máquinas de moitas cores que emiten sons indescriptibles. Meus pasos dirixenme cara a un escenario cheo desas máquinas, pero más grandes, que tragan as persoas. Asústome. Entro e sento. Comezamos a andar. Metémonos na voráxine. Cruzamos debaixo dunha ponte por onde pasa rápida e estrondosa unha longa estrutura de metal. Descendo. Achégome paseniñamente, sen decatarme, a un edificio onde xogan rapaces bulideiros. Un cartaz recibeme: ¡Queridos energúmenos!. Vexo unha persoa alta, delgada, con barba raleira e nos ollos uns aparellos que me intrigan, que parece que tratan de ocultar a súa mirada. Ven sorrindo cara mi. Trato de reconócelo. É a primeira vez que o vexo. Parece agradable. Non lembro o saúdo acostumado. Acórdome do cartaz. Digo: ¡ola, energúmeno!. A súa face muda rapidamente, agora está vermello, óllame duramente, e cunha voz grave obrigame a seguiło. Entro asustado nunha estancia. Escoito: túzaro, animal, neandertal. Algo comeza a esclarecer no meu interior. ¿Que é neandertal?. Asómbrase e dáme un libro. Paso as páxinas e o que vexo atérrame. Morte. Destrucción. Xenocidio. Monstros que expulsan fogo, ferro e terror. Bigodes e brazos alzados. Unha imaxe trae luz á miña mente. Persoas nunha caverna arredor dun lume.

Suor. Abro os ollos. Escuridade. Érgome. Saio e miro cara ao río. Penso, inda estremecido, no pesadelo. ¿Ou non é tal pesadelo?. Moitos rumores falan dunhas novas xentes, que están a chegar dende o sur. Unha imaxe trae luz a miña mente. O libro estaba cheo desas xentes. ¿Será así o noso futuro?. Comezo a tremer.



*Alguén me chama. Achégome a carón do lume.
Conto o meu soño. Escóitanme cá que sen respirar.
Tentaremos resistir. Berramos: ¡NEANDER-TAL!*

Benvido Mr. Kaita

Alumnos e alumnas de 4º E.S.O. A

Nestes tempos a inmigración é un fenómeno demográfico moi importante nas nosas vidas; por outra parte, sempre foi e sempre será un proceso fundamental na historia da humanidade.

A inmigración é un tema do que toda a xente fala, pero que non todos coñecen demasiado ben.

Moita xente ten prexuízos cara ós inmigrantes sen saber ben como son en realidade.

Como non sabíamos moito sobre a vida dos inmigrantes, vimos un programa que amosaba a vida dunha familia estranxeira. Concretamente, un documental titulado 'Bienvenido Mr. Kaita'.

Despois disto, preparamos unhas preguntas para facerlle a antigos emigrantes galegos e portugueses e así comparar as diárias experiencias. A maioria das persoas que un día decidiron marchar, buscaban no lugar de emigración un benestar e as posibilidades de independencia que non tiñan no seu país.

Isto podémolo apreciar moi ben nas respostas que obtivemos dalgúns dos entrevistados, como por exemplo, unha muller que pasou varios anos en Alemaña, e que reconoce que "buscaba un benestar que non tiña en España".

A maioria das persoas foron en tren con expedicións organizadas dende Alemaña coa colaboración da administración española. Moitos deles xa tiñan familiares ou amigos que os acollían nas súas vivendas. Outros xa disponían de aloxamento proporcionado pola empresa. Con todo, había quien buscaba a vida pola súa conta: "tiña diñeiro aforrado para cuando chegase a Alemaña", di a anterior entrevistada.

Neses países conseguiron aforrar cartos para vivir cómodamente e incluso enviar gran parte deles a os seus familiares.

En xeral ningunha das persoas se sentiu marxinada e moitas persoas ainda conservan amigos daquel tempo. Ainda así, unha muller que viviu dezasete anos en Belxica confesa que "un pouco si, porque me miraban e trataban dun xeito algo raro".

A maioria das persoas non se arrepentirón da súa decisión de marchar ao estranxeiro, pero existen

casos nos que algúns actuarían doutra maneira, como por exemplo outra señora que foi a Alemaña e reconece que o mais

probable e que non volvería emigrar nas mesmas condicións.

No documental "Benvido Mr. Kaita" pódense observar as vivencias dunha familia gambiana buscando unha vida mellor en España. O obxectivo é gañar diñeiro e mandalo o seu país de orixen.

A maior parte dos emigrantes non saben os prexuzos que poden encontrar no país ao que queren viaxar, xa que a maioria non teñen ningunha información sobre el. Todos os inmigrantes tiñan o desexo de regresar algún día o seu país de orixe. Con todo, no momento que nacen nenos, éstes poden ser un atranco para regresar o seu país de procedencia, xa que eses nenos viven e pensan como españoles.

A familia que queda en Gambia sempre está agardando, á espera da chegada dos "españoles" para que repartan un pouco das súas riquezas. Isto é así porque o diñeiro en países como Gambia rende máis ca nos países máis desenvolvidos; polo tanto cando os inmigrantes regresan ao seu país, tentan ampliar as propiedades da familia.

Nestas persoas aparecen sentimientos contraditorios xa que no país onde traballan son estranxeiros, pero cando voltan á súa terra acaban por non sentirse de ali. Isto tamén pasaba cos nosos emigrantes cando andaban polo mundo xa que - como confesa un cidadán portugués instalado en Valdeorras hai máis de diárias décadas - "Cada vez que vou ali, sempre me chaman o españolito"

Despois de toda esta experiencia chegamos a conclusión de que os nosos devanceiros fixeron un gran esforzo ao partiren cara outro lugar. En xeral polo que pudemos comprobar case todos tiveron unha boa experiencia a pesar das dificultades. As persoas que veñen dun país estranxeiro para traballar no noso, tamén atopan atrancos no seu dia a dia. Nos dous casos tratase dunha emigración causada pola necesidade e o anejo dunha vida mellor. Pasen os anos que pasen, sexa cual sexa a nosa cultura ou costumes, as persoas somos todas iguais e por iso temos as mesmas esperanzas.

Matemáticas e papiroflexia


Alumnos de Obradoiro de matemáticas

A palabra papiroflexia define a arte e habilidade de dar a un anaco de papel, dobrándoo convenientemente, a figura de determinados seres ou obxetos.

Akira Yoshizawa creou un código internacional para representar as dobleces e as accións a realizar para obter a figura. Só tedeis que seguir uns pasos sinxelos para poder facer

con papel un montón de figuras divertidas. E non vaiades pensar que o fixemos utilizando tesouras e pegamento.

Pódense facer todo tipo de figuras, entre elas poliedros como fixemos nós: tretraedro, cubo de sonobé, dodecaedro, e as que nos faltan!!Gustounos moito facelas pero ainda nos faltan algunas, por exemplo o balón de fútbol!!Pero temos que facer 30 módulos para conseguilo. A ver se o final podemos xogar con él!



Por agora, a que máis nos gustou foi o dodecaedro, porque aproveitamos e fixemos un calendario con él. Deixámossos as instruccions para facelo, a ver si vos sae! Porque non vaiades pensar que non costa facelos....

Comeza ben o día

Roberto

O propio sentido común amosa o almorzo como unha importante comida das tres ou catro que a maioria das persoas diariamente levan a cabo. Nalgúns culturas, o almorzo alcanza una importancia tal que é considerado como a principal comida do dia, no só polos alimentos que o componen, senón pola función social que desempeña.

Durante as horas de sono, moitas funcións cerebrais adormecen e o cerebro necesita aporte enerxético que as reactive. Este obxectivo conséguese cun bo almorzo.

Un bo almorzo defíñese como unha equilibrada combinación de lácteos, pan, cereais e froitas variadas que combinadas representan o 30% dos nutrientes que necesita diariamente o organismo para funcionar correctamente durante o día. Así mesmo, un almorzo completo está ligado a un mellor rendemento físico e psíquico.

Segundo diversos estudos, demostrouse que a primeira comida do dia axuda os nenos a pensar con rapidez, prestar atención e comunicarse en forma apropiada co entorno. Un neno en idade escolar que concorre ao seu colexio sen almorzar correctamente ten dificultades de concentración e memoria, ou tamén pode sentirse canso e nervioso.

A falta de conciencia sobre a importancia do almorzo atravesa todos os sectores sociais, debendo entón educar a xente para que valorice correctamente a función biolóxica desta temperá comida.

Os elementos que debe conter o almorzo son:



Lácteos en xeral: (leite, iogur, queixo, que combinados cos cereais aportan proteínas de alto valor biolóxico, máis calcio, ferro e zinc.



Cereais en copos, galletas ou pan: Son un bo vehículo enerxético e aportan hidratos de carbono



á dieta e, e polo tanto, axudan á presenza de glicosa.

Froitas e zumes: Para aportar as vitaminas hidrosolubles necesarias para o organismo (estas non se acumulan no organismo) e deben ser incorporadas diariamente. Estas, tamén axudarán ao bo funcionamento do intestino e órganos digestivos.

Entón, nun almorzo axeitado débense combinar ingredientes como:

- * Unha cunca de leite con azucré.
- * Cereais, rebandas de pan ou galletas untadas en queixo e/o marmelada.
- * Froitas que aporten vitamina C (cíticos, kiwis, froitiñas, etc.)

Os nenos en idade escolar e os adolescentes beneficianse moito dun almorzo nutritivo.

Os cinco beneficios principais son:

" Notas máis altas. As persoas novas que almorzan ben están máis alerta e listos para aprender. Tenden a ser mellores estudiantes e a obter notas máis altas nos exames.

" Actitudes máis positivas. Os nenos que almorzan teñen actitudes máis positivas e tenden a causar menos problemas na clase.

" Máis enerxía. Ao almorzar, reciben as calorías necesarias para manterse activos e xogar. Tamén poden ter calorías de reserva.

" Unha dieta mellor en xeral. Os que almorzan teñen os nutrientes, vitaminas e minerais que son necesarios. Os nenos que non almorzan non recuperan os nutrientes que perden durante o resto do dia.

" Un peso do corpo máis san. Os nenos e adolescentes que almorzan teñen máis tendencia a ter un peso saudable. Os que non almorzan tenden a ter máis gordura.

Un barómetro e un bebedoiro para paxaros ao mesmo tempo

Roberto

Atopaches algunha vez un barómetro que os paxaros poídan usar como bebedoiro? É moi útil, porque as aves, ao mesmo tempo que beben, poden ver o tempo que vai facer. Agora en serio, podes facer un barómetro desta clase moi doadamente. Enche tres cuartas partes dunha botella de auga. Pon tamén auga nun cacharro de cocña e mete a botella invertida. Tapa co polgar a botella ata que estea metida na auga. Na parte de fóra da botella pega unha tira de papel con marcas numeradas. Xa tes ai un barómetro moi sencillo. Cando a presión do aire sexa alta, que normalmente significa bo tempo, a auga da botella subirá un pouco; cando a presión baixe, a auga baixará un pouco tamén: será un sinal de mal tempo. O nivel da auga non variará moito e, ademais, os cambios de temperatura farán que o aire da botella se expanda ou se contraia. Por iso será mellor que coloques o teu barómetro nun lugar onde non se noten moitos cambios, por exemplo, nun soto ou debaixo das escaleiras.

El hierro y el topacio

Concepción Arenal

"Por qué tan preciso al mundo,
-dijo el hierro amontazado-
soy menor que tú pagado
y excito desdén profundo?
Ni cabaña ni palacio
existir pueden sin mí.
¿Tú para qué sirves, di?"

Y le respondió el topacio:
"Una sencilla verdad
te dará la explicación:
Tú sirves a la razón,
yo sirvo a la vanidad.
Fijos dos hechos verás
aunque de justicia ajena:
Que la razón paga menos,
la vanidad paga más."

Que fan estas mazás?

Roberto

Precisarás dousas mazás e dous anacos de corda.

Colle dousas mazás e átalle a cada unha un anaco de corda de 1 metro de longo. Cólgaas separadas uns 5 cm unha da outra.

Que cres que acontecerá se sopras despois moi forte entre elas? Separaranse? Afastaranse a corrente de aire? Desde logo que si, dirá o sentido común. Non obstante, o sentido común equivócase. Cando sopras, as mazás xúntanse coma se actuase unha man invisible. Cal é a explicación?

Cando sopras, o aire que hai entre as mazás móvese e a presión é menor ali que no aire que hai arredor. Por esa razón, o aire dos lados empurra as mazás cara á zona de menor presión e, en vez de separarse, xúntanse.

Existen serpes voadoras?

Roberto

As serpes están adaptadas para reptar polo terreo firme e as ramas das árbores, pero existe un grupo de ofidios que, ademais, desenvolveron a capacidade de voar. Trátase do xénero *Chrysopelea*, que está integrada por cinco especies de serpe orixinarias das selvas tropicais do sur e sueste asiático. En realidade, estes réptiles planean dunha árbore a outra ou ata o chan do mesmo modo que o fan os esquios, os lagartos e as ras voadoras. Pero, a diferenza destes, as serpes voadoras carecen de estruturas corporais, como extensións membranosas, para deslizarse polo aire. Aínda así, lánzanse ao baleiro cunha mobilidade envexable para moverse, cazar e fixir dos perigos. O xeito no que o conseguén é un misterio. Dende hai anos, o herpetólogo Jake Socha, da Universidade de Chicago, nos EE.UU., grava con equipos especiais estas serpes para desentrañar a biomecánica do seu voo. Socha descubriu que usan as súas costelas para esmagar o corpo e convertelo nun paracaidas, e que "voan" coma se nadasen adquirindo a forma dunha S ondulante.

¿qué é a TDT?

TDT son as siglas de Televisión Digital Terrestre (en inglés DTT, Digital Terrestrial Television). A televisión tradicional, a de toda a vida, consistía na emisión e recepción dunhas ondas electromagnéticas que transportaban a información de imaxe e son. Ditas ondas eran xeradas nas emisoras de TV, e repartidas a toda a xeografía mediante unha rede de difusión consistente en antenas reemisoras (repetidoras), estacións e satélites. Este sistema utilizaba un tipo de tecnoloxía coñecido como analóxica.

Nos últimos anos esta tecnoloxía analóxica foi sendo substituída pola chamada dixital, que permite unha moito máis alta calidade na imaxe e no son, un montón de opcións e servizos adicionais e un mellor reparto do espectro electromagnético (o "sitio" que hai para as diferentes canles), co cal se conseguén establecer moitas máis emisoras.

A televisión dixital non é algo tan novo. Xa se distribúe hai moitos anos por cable (como R, Ono, etc), e por satélite (Canal Satélite Dixital). O que

15

Isto non é un capricho de España, senón que a Comisión Europea fixou un prazo dende 2005 ata 2012 para que todos os países cambiaren a tecnoloxía de emisión.

En España estaba previsto para o 2012, pero adiantouse para o 3 de abril de 2010. O primeiro concello do país, onde se realizou o apagón de maneira piloto, foi A Fonsagrada (Lugo), onde o apagón se levou a cabo durante este curso, o 8 de abril de 2008.

O blog do cole de Sobradelo

Alá por novembro de 2007, comenzou a súa andaina o blog do cole de Sobradelo, máis coñecido como "O blog do cole".

Naceu coma un punto de encontro entre alumnos e alumnas, xente que pasou por eQui, profes e pais, tratado sempre cun tono relaxado. Todo o mundo pode escribir e comentar novas xa existentes, sen precisar contas de usuario nin contrasenas.

<http://cpisobradelo.blogspot.com>




o blog do cole de sobradelo

ten de novo o sistema da TDT é que permite reutilizar moita da infraestrutura tecnolóxica da TV analóxica, pois na rede, permite reutilizar as antenas (con cambios nos equipos interiores), e permite reutilizar as antenas dos usuarios (non se precisa instalar unha antena parabólica).

Case todas as TV de nova fabricación traen xa incorporado un decodificador de TDT (o aparato que transforma as ondas en imaxe e son), pero para reutilizar os televisores analóxicos só hai que mercar un simple aparello que se pon entre a TV e a toma de antena, e que custa uns poucos euros.

e entón ¿qué é o apagón analóxico?

Pois o apagón analóxico é o cese da emisión de canles usando esta tecnoloxía. É dicir, o momento a partir do cal so se emitirá en dixital. Todo o mundo deberá ter un receptor TDT para ver a tele.



XI
Meu colégio, meu amigo
Colégio da minha alegria
Ou num quero, meu colégio
Pensar em deixar-te um dia!

XII
Direcção e professores
Companheiros de lições
P'ria vida levo de vós
São gratas recordações!

XIII
Já vejo estrelas no céu
A dobrar o meu caminho
Com os amigos que tenho
Nunca me sinto sozinho.

Refrão

Minha vida no Colégio
É bonita de viver.
Quero ser um bom aluno;
Ser um homem a valer.
Quero ter asas de vento
E um coração de mar.
Quero ser sempre feliz
Ver as estrelas brilhar.



Hino ao Centro

I

Nosso centro é um jardim
É uma rosa em botão
Tem aromas d'alecrim
& sabores d'união.

II

Colégio Serrón Alendaña
Assim é denominado
Para ti foi feito este hino
Que por nós será cantado.

III

De Segunda a Sexta-Feira
Vou ao centro trabalhar
Ao Sábado e ao domingo
Fico em casa a descansar.

IV

No "Cole" desenho e estudo
Aprendo o saber viver
Brinco, jogo, faço tudo
Ensina-me o bem fazer.

V

No Colégio, todos juntos
Aprendemos a crescer
Nunca ninguém sabe tudo
Todos temos que aprender.

VI

Aprendemos a ouvir
Quando alguém está a falar
Para pedir a palavra
Põmos o dedo no ar.

VII

Às vezes sou trapalhão
Esqueço o meu dever
Não estudo a lição
Viro as costas ao saber.

VIII

Sendo logo aconselhado
Pelas vozes da razão
Torno-me mais aplicado
Olho o outro como irmão.


IX

De ti recebo valores
És impar me educar
Fazes tudo sem favores
Ensinas a bem amar,

X

Tes o meu segundo amor
Educas-me com prazer
Dias-me o devido valor
Ensinas-me o saber ser.

18 Imos de excursión



Imos a Manzaneda (Trailará...)

Andreia 3º ESO

Que ben que Alfonso nos levou de excursión a Manzaneda. Ali vimos unhas montañas moi altas nas que tamén sacamos unhas fotos. No hotel no que nos hospedamos había unha piscina moi grande na que só nos deixaron estar dous horas pero ainda así aproveitámos moi ben. Cando marchamos de Manzaneda pasamos ao lado dunha praia é entón baixamos do autobús para tomar algo, e para sacar fotos. Ao seguinte dia de vir de Manzaneda fomos ao Barco a falar á radio, ali entrevistamos a xente da rúa, e cando chegou a hora de marchar o autobús non parou e quedamos en terra. Menos mal que pasou o bus de Santigoso e nos levou de volta ao cole.

Educación vial en Ourense

Alumnos e alumnas de 5º de Primaria

O dia 17 de abril fomos a Ourense a Educación Vial os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria. Cando chegamos, 2 policías homes e 1 señora policía explicáronnos o que íamos a facer. Había un circuito con sinais de tráfico, rotondas, unha cidade en miniatura...

Logo repartíronos en dos grupos de : 3º, 4º e 5º, 6º. Mientras que un grupo foi ver unha película sobre educación vial ó outro puxémonos uns cascos e practicábamos en cars e en bicis.

O marchar fomos a comprar á maquina , despois fomos comer a cafeteria de ali porque chovía e non podíamos ir comer ó parque que tiñamos pensado .

Os profesores que nos acompañaban na excursión foron Avelina Lorena e Andrea. Ao marchar foinos visitar a Ismael e saudámolo. Por último , collemos o autobús de volta ... ; PARA CASA ;

Esta viaxe pareceunos xenial porque estudamos nos cars e aprendemos algunas cousas para a nosa vida cotiá.



Visita ao Castelo de Ponferrada

Alumnos e alumnas de 5º de Primaria

O dia 6 de Marzo fomos a unha excursión a Ponferrada. No autobús pasámolo moi ben e algúns ian cantando. Primeiro visitamos a parte vella de

Ponferrada, vimos unha estatua dun cabaleiro templario, o concello, ...

O profesor Manu foi noso guía durante toda a visita ao castelo, él ianos explicando todo.

Cando chegamos ao castelo vimos que tiña dúas murallas unha por afora mais baixa e outra interna, más alta. Por todo o redor do castelo había un foxo moi grande que na antigüidade estaba cheo de auga e outras cousas pero agora está seco. Primeiro fomos a parte nova que non nos gustou moito, había un restaurante que construíron,



tiñan que reconstruílo de pedra, era mellor a parte vella onde vimos onde vivian por se viñan os

malos. Había buratos polos que tiraban aceite ardendo.

A continuación fomos ás cárceres e subimos por unhas escaleiras de caracol moi estreitas, ao chegar ó alto viuse unha vista preciosa de Ponferrada.

Ninguén foi capaz de atopar as tres cruces que había arriba das portas. Tamén vimos unhas bolas redondas e grandes, servían para tirar cunhas

catapultas grandes que non estaban xa ali. Sacamos moitas fotos, logo ó marchar, vimos un camiño para baixar ó río Sil.

Pareceunos unha visita moi interesante porque é bonito coñecer a historia dos nosos antepasados.

Natación nas piscinas climatizadas

Alumnos e alumnas de 5º de Primaria

O dia 6 de marzo fomos de excursión a Ponferrada a visitar o castelo e a nadar nas piscinas climatizadas,

Ao chegar ás piscinas fomos os vestiarios, cambiámonos e marchamos xa para a auga que estaba quentinha porque era unha piscina climatizada.

Fran que foi moi listo tirouse na grande e case afoga, o profesor Manu tivo que ir a rescatalo.

Case todos os de 3º e 4º metérónse na pequena, e os de 5º e 6º na grande.

Luis saltouse as normas e tirouse polo trampolin e o socorrista viuno e reñeuille.

Avelina e Alfredo quedaron na cafeteria.

Os profesores que estiveron connosco foron:



Manu e Lorena.

Alguns andábanse facendo augadiñas, outros andaban competindo, e outros agarrando os pes dos outros e tiraban por eles cara atrás.

Cando nos chamaron fomos para os vestiarios de novo a cambiarnos e duchámonos, vestimonos e recollemos todas as nosas cousas. Logo ó estar todos enfronte da porta subimos para o autobús, de camiño a comer ao centro comercial O ROSAL.

Alguns foron a comprar xeados etc....

E tamén xogaron ás maquinas.

E logo montamos no autobús e voltamos para a nosa casinha.



Excusión a Mallorca

Natalia Martínez Calvo, 4º E.S.O. B

O dia 4 de abril: Encamiñámonos rumbo a Mallorca, fomos ata Santiago en autobús. Ali collemos o avión, para a maioría era a primeira vez que montaba nun avión; menos mal que o piloto despegou moi suavemente e non houbo turbulencias. Chegamos a Mallorca sobre a as 6 da tarde, logo de ir facer unha reclamación, xa que algunas maletas sufrieron desperfectos, collemos o bus, que nos agardaba na entrada do aeroporto, dirección ó hotel Horizonte. Ceamos, e esa mesma noite xa saímos inspeccionar como era a cidade de Mallorca. Fomos ata o Castelo de Bellver, estabamos moi cansos pero ainda así os nosos deseños de aventura puideron con nós. Tivemos moi mala sorte e o castelo tiña as súas portas pechadas. Xa de volta no hotel fomos cada un para o cuarto que nos tiñan asignado, ainda que aos 5 minutos, como moito, xa andabamos todos polos outros cuartos. Mila e Emilio, andaban polos corredores vixiendo de que estiveramos a durmir, pero algún sempre se escapaba e non o cazaban.

Dia 5 de abril: Fomos almorzar con moito sono, non durmíramos pola noite, pero o dia seguía, estabamos a queixarnos sen parar, pero os profesores rianse porque nos estivera moi ben. Eles mandábanos durmir e nós nin caso! Logo de almorzar, saímos do hotel dando un paseo ata a parte antiga de Mallorca. A verdade é que o paseo foi un pouco longo de más. Ali visitamos a Catedral de Mallorca, o barrio Xudeu, os baños Árabes nos que só entramos uns poucos, outros quedaron na rúa a descansar. Despois fomos ver a Lonxa. Xa para rematar a mañá os profesores deixáronos "á nosa bola" coa condición de que ás 3 da tarde estiveramos na praza España. Todos fomos puntuals; Dende ali collemos o autobús urbano para ir a Marinelan, onde había pingüins, focas, leóns mariños, golfinos, loros, serpes, monos... Vimos un espectáculo de paxaros exóticos, que era como un barco

pirata no que a tripulación eran os paxaros. Logo vimos outro de leóns mariños e golfinos. Os leóns mariños bailaban e xogaban cos coordinadores, e os delfins facían unha chea de acrobacias. Cando xa estaban a rematar chamaron ao profe Emilio, e paseárono pola piscina dentro dunha barca; os espectadores que se sentaron na primeira ringleira quedaron enchoupados. No hotel ceamos e fomos para os cuartos, xa non se sabía cal era o de cada un!!

Dia 6 de abril: Como xa visitáramos a cidade de Mallorca, fomos a unhas vilas: Soller, Porto de Soller e Valdemosa. En Soller visitamos a estación de ferrocarril, e demos un pequeno paseo pola vila. Dende ali collemos o tranvia ata Porto de Soller. Ali visitamos o museo do Mar, onde só entraron Vicente, Brais e Emilio, os demás quedamos fóra agardando por eles xa que non tiñamos gañas de velo. Logo deixáronos a hora da comida libre, comemos fixemos unhas pequenas compras, e ás 3 collemos o bus para encamiñarnos ata Valdemosa. No camiño ata esta vila, pasamos por Deia, un lugar no que moita xente famosa ten a súa casa. Chegamos ata Valdemosa e visitamos a rúa principal. De ali a un anaquiño, collemos o autobús de volta ao hotel.

Dia 7 de abril: Collemos as maletas, e puxemos rumbo a Manacor, a vila onde se fan as perlas, visitamos a fábrica Majorica, e uns almacéns de cousas feitas con madeira. Logo fomos a unha fabrica de vidro. Todos quedamos moi sorprendidos, xa que aquilo era un alucine; facían unhas autenticas marabillas. Logo saímos rumbo a Porto Cristo, nesta vila, deixáronos unha media horiña para comprar agasallos. Máis tarde fomos as covas do Drac; unha preciosidade; íamos baixando por unhas escaleiras, e ao fondo había un lago onde nos interpretaron unha peza musical de ópera, nunhas barcas e ao sair algúns rapaces, por non dicir a maioría, saímos montados nas barcas, ainda que a escaleiras que tiñamos que subir despois impuñan respecto, pola cantidade delas que había e polo costentas que eran. O final do dia foi o máis atarefado, xa que non atopabamos o albergue e tivemos que andar un anaco ata dar con el. Ali tivéronos un

grande e longo espazo de tempo, así como media hora, ata asignarnos as habitacións. Logo de acomodarnos, xa que tivemos moitos imprevistos, fomos cear e algúns para a cama e outros moitos a ver unha película ou xogar ao ping-pong.

Día 8 de abril: Comezaba un dia un pouco nubrado de máis para o noso gusto, pero con moitas ansias saímos do albergue, e fomos cara a Formentor. Ali visitamos o faro, facía un aire moi forte e tiñamos que facer moita forza para poder andar. Logo desta visita dirixímonos cara á praia de Formentor, desafortunadamente non nos puidemos bañar no mar xa que a praia estaba chea de medusas. Dende ali fomos ao Porto de Pollença, comemos e fomos a dar unha volta ao paseo. Estaba un dia estupendo, xa que as nubes marcharan. Había unha praia moi fermosa e sen medusas, pero ainda así non nos deixaron quedar ali, porque xa tiñamos outros plans, saímos rumbo ao albergue, cambiámonos de roupa e fomos dar unha longa camiñada por uns camiños do arredor. Ese dia voltamos para o albergue moi cansos.

Día 9 de abril: O último dia de visitar a illa de Mallorca. Ese dia saímos cara ao mosteiro de Lluc. Ali só Emilio e Lucia entraron a ver o museo, os demais quedamos por ali fora sacando fotos e mercando máis agasallos. Logo á hora que acordamos dirixímonos cara A Calobra, unha vila que está no fondo dun val e á que ai que baixar por unha estrada con moitísimas curvas. Nesta viliña vimos o torrente de Pareis e comemos ali. Logo saímos cara a Inca, unha vila famosa pola súa pel. Logo cando regresabamos cara ao albergue os profesores déronos unha sorpresa, esa noite non ceabamos no albergue, fariámolo no Porto de Alcudia!! Paseamos un ratiño por esta vila e logo fomos cear. A meirande parte dos rapaces pedimos de sobremesa un xeado moi grande. Esa noite ao ir para o albergue ningún quería durmir xa que era a última noite no hotel. Ao final tivemos que ir a durmir porque estabamos moi cansos.

Día 10 de abril: Con caras de sono, despois de almorzar, saímos do albergue e dirixímonos cara ao aeroporto. Ali collemos o avión rumbo a Santiago. Neste voo tivemos unhas cantas turbulencias a máis de un entrouille o medo. No aeroporto xa nos estaba a esperar o autobús que nos traería ao colexio de Sobradelo onde nos estarían esperando os nosos pais. Neste traxecto foron

moitos os rapaces que durmiron.

Foi marabilloso viaxar ata Mallorca

Esther, 4º E.S.O. B

A nosa visita a Mallorca foi unha das mellores excursións da miña vida. A compañía foi estupenda e pasámolo moi ben todos. Estivemos aloxados nun hotel chamado Horizonte os tres primeiros días, e o resto nun albergue, que non foi o mellor que vimos porque estaba afastado de todo, pero non foi tan malo dentro do que cabe.

Visitamos moitísimos sitios e estivemos en lugares moi fermosos como por exemplo: As Covas do Drach. Para mim foi o lugar más bonito que vin na miña vida. Son unhas covas cheas de stalactitas e cun lago fermosísimo onde foi representada unha obra musical tocada cun piano montado nunca barca por medio do lago. Ao se acabar esa obra as persoas que quixeron podían montar na barca para ir dun lado ao outro da cova e así saír fóra.

Outra visita que tamén me gustou moi foi cando fomos ver os delfins e as focas en Marineland. Fixeron un espectáculo magnífico, na miña vida vira algo igual. A verdade é que me encantou. O más simpático foi que escolleeron ao noso profesor Emilio para montar nunca barca dentro da piscina dos golfinhos e estes tiraban dela. Tivo moitísima sorte en ser o elixido.

Mallorca!

Lorelai, 4º E.S.O. B

Os alumnos de 3º e 4º da E.S.O. fomos de excursión a Mallorca. Os primeiros días aloxámonos nun hotel e os restantes nun albergue. Todos os días tiñamos que erguernos cedo para facer diferentes actividades. O primeiro dia fomos ao centro de Palma e ali vimos diferentes cousas (o castelo, os baños árabes...) Tamén visitamos as covas do Drac. Fomos a

unha vila coñecido polo seu ferrocarril que pasa por toda a vila, visitamos Marineland, onde vimos diferentes animais acuáticos, un espectáculo de papagaios e o show dos golfinos, onde coleron como voluntario ao noso profesor Emilio para dar un paseo nunca barca e foi suxeito por estes animais tan fermosos.

Outro día fomos á praia pola mañá, pero para a nosa desgraza estaba invadida polas medusas e non nos pudemos bañar. Por sorte si pudemos probar as augas mallorquinas nunca cala pequena que había preto do albergue. Fomos a Sa-calobra e a unha montaña na que facía moitísimo aire e na que as cámaras fotográficas eran o obxecto principal para a nosa diversión. Entre outras moitas cousas que fixemos e sitios que visitamos, chegou a última noite, unha noite chea de diversión e tendo presente que ao día seguinte xa voltábamos para Galicia. Chegou o dia de regreso e todos esperando ese avión que nos levaria de volta a casa, foi unha viaxe máis calmada que a de ida, xa que estábamos bastante cansos e tristes porque chegara o fin desta excursión tan esperada por todos nós.

Kiko, 4º E.S.O. B

Un dos aspectos que máis me gustou desta excursión que fixemos a MALLORCA foi a nosa estadía no hotel HORIZONTE.

O hotel non era moi bo pero era o lugar onde mellor o pasaba cos meus compañeiros.

Unha das razóns polo que o pasabamos ben no hotel é porque ali tiñamos billar e unhas máquinas para sacar peluches.

O profesor organizou un campionato de billar para participar calquera compañeiro. Iso foi moi divertido pero, por suposto, os gañadores fomos VICTOR e EU. Como non, a este xogos sempre gañan os mellores! Outra razón pola que o pasamos ben no



hotel foi a de durmir un grupo de compañeiros todos xuntos no mesmo cuarto. Estas si que foron noites boas.

E por último, o que máis me gustou de toda a excursión foi cando visitamos unha sala de xogos. Foi o lugar que mais me gustou, despois do hotel.

Excursión a Mallorca

Almudena, 4º E.S.O. B

O dia que fomos para o albergue:

Ese dia tivemos que levantarnos e preparar as maletas para marchar para o albergue.

Saímos cara ás nove do hotel, todos coas maletas, e xa estaba o autobús esperándonos. Metemos as maletas no bus e marchamos para Porto Cristo. Logo de visitar un pouco Porto Cristo, fomos ver as covas do Drach.

O que máis me chamou a atención foi que, normalmente, nas covas fai frío e nesta facía calor, incluso sentías como che faltaba a respiración. Ao sair das covas estivemos rindo un pouco con Adrián que estivo xogando cunha "pava" que estaba ali.

Collemos o autobús de camiño ao albergue que estaba en Alcudia, despois de un longo percorrido chegamos ao lugar máis ou menos onde estaba o albergue e digo máis ou menos porque o chofer do autobús deixounos a un quilómetro do albergue. Logo tivemos que

subir andando por entre o monte (porque hai que destacar que o albergue estaba no medio do monte) e menos mal que non tivemos que subir as maletas que nolas subiu o dono do albergue no seu coche.

Chegamos ao albergue e tivemos que estar esperando un pouco a que preparasen as cousas e por fin entramos. Deixamos as maletas nos cuartos e baixamos cear. Así foi como pasamos ese día.

Adrián, 4º E.S.O. A

Llegamos por la mañana a un gran lugar de montaña

donde todo parecía de color banana.
Lo mejor fue la expedición
dentro de un gran avión
y con forma de delfín.
La llegada al hotel moló mogollón
como molan Mallorca y Alcorcón.
estando ya en las habitaciones
se montaron fiestas como camiones.
Al día siguiente levantarse moló poco
porque hubo gente que durmió poco.
La verdad es que conocimos lugares
tan grandes como las catedrales
La Seo de Palma por ejemplo
alta como Fernando Romay.
Mallorca, Mallorca, mola mogollón
la ven en China y también en Alcorcón.
Emilio y Mila son únicos
como ellos no hay ninguno
aunque alguno parece un tuno.
Los baños árabes molan mucho
como se quieren la trucha al truchero.
Bueno señores que lo bueno se acaba
es igual que cuando caminaba
por el centro de una caña.
Lo peor fue el viaje de vuelta
por tener que ver a los nuestros
¡¡¡Mallorca, Mallorca!!!
Moló mogollón.

Fue ma-ra-vi-llo-so via-jar has-ta Ma-llor-ca...

Jennifer, 4º E.S.O. A

Fueron los alumnos del colegio
De viaje a Mallorca en avión
Era un avión con prestigio
Pues decían que molaba un montón
La risa entre ellos se contagió
Y con el profesor se partieron
Con ellos trajeron anécdotas
Muchas historias que contar
Al final estaremos hartas
De sus batallitas escuchar
Con esto acaba la historia
Y cada uno triste volvía
Sin nosotros estuvieron en la gloria
Quedará su viaje en la memoria.

Miriam Prada Couso, 4º E.S.O. A

Alumnos y alumnas fueron a Mallorca
Se alojaron en un hotel tres días
y los tres últimos días
En un albergue sin estanterías
Los alumnos y alumnas caminaron
Por los lugares más conocidos
Corrieron, anduvieron cuestas y llanos
Y por la noche estaban reventados
Pero, eso sucedió el primer día,
En el segundo ya empezaron roces
Lo que tenía que ser un secreto
Fue gritado y ya se sabía a voces
Según me contaron, los profesores
Eran enrollados y bien se lo pasaron.

Susana Calvo Pérez, 4º E.S.O. A

Nuestro viaje a Mallorca estuvo genial
y también se hablaba mucho catalán.
Si, me gustó mucho todo en general
pero me gustaron más las cuevas del Drac
Aunque mucho tuvimos que andar.

Unos fueron a los baños árabes
Y otros al revés lo hicieron:
Ya que fuera se quedaron riendo
mientras los demás se aburrieron.

Un día montamos en tranvía
mientras alguno paisajes veía.
Lo mejor fue subir al avión
porque a muchos nos hizo ilusión.

Queríamos los alumnos salir de fiesta
Y de peligros los profes avisando
en el hotel todos nos quedamos
bastante aburridos y refunfuñando.

Lo que no nos gustó fue el albergue
ya que no era un sitio muy alegre.

Un conductor nos dejó en el camino
y al día siguiente otros nos vino.

Lo peor fue el último día

que para casa ya se venís
Aunque algunos no querían por el albergue
ganás tenían.

Bueno Mallorca espéranos
que muy pronto ahí estaremos.

Marcos Prieto, 4º E.S.O. A

Esta é a historia das vacacións
de fin de curso dos meus amiguiños
E algúns compañeiros me contaron
no avión que viaxaron, ían rapidiño
coas bolsas que tiñan nos asentos
houbo quen fixo algúns truquios

Ao chegaren a terra cada un armaba
unha diferente, cada quen peor
pero ialles chegar a dous profes
un traballo para pasar moito terror
algúns tiñan plans de escapatoria
cambiar de cuartos para ligar mellor

polo que me contaron houbo amorios
pero máis persoas non viñeron
por sorte, das que foron de aquí,
ali moi ben disque o pasaron
volverian a Mallorca, mesmo mañá
segundo todos eles me contaron

Maria Luisa, 4º E.S.O. A

Dieciocho alumnos viajaron a Mallorca
desde el principio muy bien se lo pasaron
con muchas anécdotas inesperadas.
Fue una excursión especial

La mayoría de los alumnos
Nunca habían montado en avión
De todos modos fueron tranquilos
Divirtiéndose y sacando fotos

Tras estar tres días en el hotel
Se trasladaron a un albergue.
Este estaba situado en un pueblo
En la mitad del monte llamado L'Alcudia.

Esther practicó el inglés con una mujer
Y su hija de siete años, eran polacas.

La profesora de inglés la ayudo
Así entendió mejor la conversación.

Salían a caminar por el monte.
Un dia fueron a la playa a darse un baño
Por no seguir los consejos
De el profesor Emilio se quemaron

Todos quedaron con marcas
O de camisetas o de bañadores
Aunque el que más se quemó
Fue el, estaba todo rojo.



Excursión polo monte

Miguel

	Altitude	Distancia
Entoma	360 m	0 m
Curva Ximiril	550 m	1250 m
Castro	606 m	1625 m
Alto da Portela	596 m	2875 m
Torrizola	600 m	3875 m
O Erbedal	570 m	6375 m
Humeira	410 m	7375 m

Descripción: Saimos desde Éntoma vendo a ponte romana que está por riba do río que vendeira Veiga. Mais adiante unha señora abriunos a igrexa que está restaurada por dentro. Segundo o camiño, xa fóra do pobo, pasamos por uns grandes viñedos e seguimos todo recto ata chegar a un cruce no que tomamos o camiño á

dereita. Ó chegar ó pico da costa atopámonos con restos dun Castro dende o que se divisa practicamente

toda a zona.
Tamén pasamos polo Alto do Xirimil, outro monte.



Seguindo todo recto chegamos ó Alto da Portela de Éntoma, seguidamente volteamos cara á dereita para ir bordeando o monte da Torrizala, que se atopa a 695 m, e dende por ali ata o final xa o camiño era liso. Continuamos todo recto ata chegar ó Erbedal un monte de erbedeiras. A continuación pasamos a Humeira dende o que xa baixamos ao pobo da Veiga atravesando castiñeiros e viñas. No percorrido atopámonos con distintos tipos de plantas e ábores. Dos que máis me acordo son:

- Ábores: piñeiros, castiñeiros, sobreiras, érbedos, chopos...
- Plantas: lavandas, silvas, herbas, xestas, ortigas, carqueixas, felgos, estebas, carpazos, proximuros, cepas, ixertos...

Impacto medioambiental

O percorrido estaba bastante limpo ainda que recollemos algúns botes. Tamén na saída de Sobradelo observamos lavadoras, colchóns, neveiras, lixo... tiradas e que están a contaminar. producido por sendeiristas

Tira de botes, latas, papeis, cabichas, papel de



aluminio, pilas, plásticos, etc...



Teatro no teatro Lauro Olmo



Rocódromo en Sobradelo



25

26 Convivencias

A convivencia infantil de Cholo e Nela

Este ano os nenos de Educación Infantil fomos como outro ano mais á convivencia de Cholo e Nela, que este ano se celebrou en Rubiá.



Estivemos a xogar nas colchonetas onde o pasamos pipa.



Ainda que o tempo non nos acompañou moito pudemos gozar coas exhibicións da policía, bombeiros...



¡E montamos nos camións!



Logo contáronnos uns contos moi divertidos.



¡Que sorte! Polo camiño atopámonos con Cholo e Nela.



Había moitos xogos que nos tiñan preparados para nós.



Pasámo lo xenial



O mellor estivo nos obradoiros.....



...onde fixemos cousas que logo trouxemos para a casa



E como colofón final estivemos de festa e bailando con...



CHOLO E NELA

Primaria nunha Granxa - Escola



*Pola tarde fomos ó obradoiro.
Fixemos pan que comemos na cea.
Fixemos figuras de barro.
Antes de durmir bailamos nunha festa.*



Pola mañá do segundo día montamos a cabalo.

*Tamén plantamos leitugas nunha horta.
Fixemos reciclaxe de papel.*

Muximos as vacas e demos de comer ós animais.

*Os nenos e as nenas de primeiro,
segundo, terceiro, cuarto, quinto e
sexto de primaria fomos a unha
granxa escola.*

*Tamén foron Manu, Lorena, Bea,
Alfredo e Avelina.*

Fomos o cinco e o seis de maio.

*A granxa escola chámase "Ria del
Eo".*



*Os cuartos eran grandes e había moitas liteiras.
Eran moi bonitas.*

Uns durmiron arriba e outros abaixo.

Pola mañá levantámonos cedo.



Alumnos e alumnas de 1º de Primaria

Convivencia deportiva

26

O dia 24 de abril viñeron os nenos e nenas do colexio de A Veiga a pasar un dia coñecto facendo deporte e outras actividades. Cando chegaron xa estábamos esperando no patio. Primeiro eran tímidos pero despois xa colleron "carreira". Fixemos dous grupos mixtos : equipo A e equipo B

Xogamos a tres cousas : bádminton, fútbol e unha proba de cultura.

Como árbitros actuaron dous alumnos de secundaria : Marcos e Jesús .

As probas sairon fatal , eran moi difíciles . Cando acabamos fomos comer, todos comemos moito porque tiñamos moita fame , despois de facer tanto deporte . Marcharon despois de comer e nos sentímonos ben de compartir o dia con eles e facer novos amigos. Despois seguimos co recreo e pola tarde xa tivemos clase normal.

Alumnos e alumnas de 5º de Primaria



Encontros polideportivos do curso 2007-08

Este ano fixemos dúas xornadas deportivas. A primeira delas tivo lugar no IES Lauro Olmo. Ali participamos un equipo de rapazas e outro de rapaces de terceiro e cuarto da ESO. Xogamos a voleibol, fútbol sala, baloncesto, xadrez, bádminton e nun xogo de preguntas e respuestas.

Trouxemos para Sobradelo a victoria en fútbol sala feminino, en volei de homes e no partido de bádminton de Marcos e, non lembro si naalgunha outra modalidade, pero levamos tamén unhas "tundas tremendas" en baloncesto e xadrez. Na proba cultural, segundo pensaba unha das nosas xogadoras: "eles eran uns chapóns e, por riba, fixeron trampas". Eu penso, máis ben, que tiñan moi ben preparada a proba.

En fin, como o resultado non era o importante, e o certo é que o pasamos moi ben, a xornada foi ben proveitosa.

Para pechar o encontro a dirección do Lauro Olmo

invitou a uns refrescos e uns pinchos, que foron moi agradecidos despois do esforzo de toda a mañá.

A segunda xornada levounos ata a Rúa de Valdeorras, para xogar co Pablo VI na categoría de primeiro e segundo da ESO.

Ali fomos recibidos polo director do colexio, que nos adicou unhas verbas e, de seguido, escomezamos a proba de preguntas e respuestas, na que non tivemos rival. Eso si, no resto de partidos os que non tiveron rival foron eles, se exceptuamos o volei masculino, onde plantamos cara.


A pesar dos marcadores pasámolo ben e aprendimos que no deporte a organización e constancia son moi importantes. ☐

30 Passatempos

Busca as palabras más características de Halloween in English


H	c	a	s	d	r	a	c	u	l	a	b	v	b	a	p
B	a	t	a	w	i	d	o	s	d	p	i	a	1	z	u
A	d	1	c	n	z	n	b	z	s	u	1	m	a	t	m
L	d	b	1	a	r	u	w	b	c	m	1	p	c	1	r
I	j	1	c	o	r	u	e	o	k	h	m	i	k	k	k
H	j	j	g	s	w	v	b	s	f	z	h	r	c	h	i
C	f	v	h	r	h	e	s	n	y	j	e	a	a	n	n
B	s	u	j	r	1	o	e	n	i	o	j	t	h	d	d
Q	w	e	r	t	y	u	i	n	1	d	p	t	b	b	b
A	s	c	a	r	y	d	f	g	h	g	h	c	u	1	d
L	w	i	t	c	h	b	g	f	h	h	h	i	f	j	1
B	g	b	c	e	r	t	y	u	k	o	h	n	m	w	d
D	c	a	s	t	1	e	h	f	n	s	x	z	v	f	t
G	h	m	k	j	h	g	f	r	b	t	b	a	d	y	u
S	q	w	e	r	t	y	u	i	o	p	1	k	m	j	n
D	e	s	p	i	d	e	r	c	d	f	r	e	g	y	s
Z	x	c	v	b	n	m	k	j	t	r	e	w	q	a	m

Encuentra la estrella de cinco puntas (pitagórica)



Sudoku

2				8	5			1							
	4					7									
6			1									9			
7	2	6			8			3							
	3		1	6	4			7							
	1		7			9	6	5							
8				6	2			1							
		2	5				4								
1	6		8	7								/			



Busca palabras características do Magosto

o	1	u	m	e	c	p	o	c	o	o	i	c	u		
n	e	v	e	m	b	r	o	v	y	v	d	a	n		
n	r	a	h	u	a	l	n	1	a	1	a	s	i		
a	i	i	d	e	1	e	a	d	p	o	1	t	c		
u	e	b	a	t	i	s	t	s	n	o	z	i	t		
j	s	b	m	j	o	h	n	c	e	n	a	ñ	e		
c	a	s	t	a	ñ	a	ñ	a	a	g	n	e	j		
d	r	y	g	t	g	a	v	i	d	v	a	i	a		
t	b	u	d	r	f	o	u	r	i	z	c	r	o		
a	h	n	e	s	a	w	s	n	m	i	c	o	n		
l	v	b	ñ	z	c	v	b	t	q	u	t	y	o		
b	d	g	l	x	s	o	u	t	o	p	e	r	t		
e	g	t	k	j	h	g	f	d	s	a	w	q	u		
r	m	i	k	s	a	n	m	a	r	t	i	ñ	o		

ENCRUCILLADO

Fai este "CROSSWORD" terrorífico con vocabulario de Halloween:

1. Across - fruit to make a Jack o'lantern.
2. Across - woman that has a broom.
1. Down - celebration of the 31st. Of october.
2. Down - white spint wearing a white sheet.
3. Across - dress you use to desguise in Halloween.
4. Across - insect with 8 legs.
5. Across - small animal that flies at night.
4. Down - question children ask in Halloween.

Crucigrama

Horizontal

I-igual que los lípidos

2-la estrella de nuestro sistema

3-una de las 3 cosas que más utilizan los adolescentes

4- sinónimo de guapa

6-otras de las 3 cosas que más utilizan los adolescentes

10-absurdo, carente de razón

11-Mentiroso

12-Adorador de dioses paganos

Vertical

5-siglas de organización no gubernamental

7-pais de la capital de Moscú

8-símbolo del níquel



9-sonido agradable

Laberinto

Sopa de letras

Busca el nombre de cinco matemáticos famosos que son los siguientes:

Gödel, Löb, Thales, Pitágoras
v Euler



A	D	K	H	Y	P	T	R	W	C	P	B	P
J	S	H	F	T	O	T	G	H	V	I	O	Z
R	L	S	F	G	L	H	W	Q	R	T	K	L
G	T	Ó	V	B	K	T	R	K	A	A	G	X
Ó	D	G	B	N	M	E	E	L	S	G	C	V
D	S	B	N	J	L	S	T	O	D	O	E	D
E	X	Z	X	U	F	A	F	P	R	R	F	B
L	H	S	E	L	R	R	S	E	L	A	H	T
C	V	À	T	M	Ñ	C	B	Ñ	C	S	Ñ	C

Mallorca 2008



¿Quén é quén de ser quén de qué? parte 2



